



O noso agradecemento a todas as veciñas e veciños de Vide, que cos seus saberes, o seu traballo e coa súa aportación desinteresada de viandas e viño, fixeron posible unha tarde de fiadeiro inesquecible, na que o son das gaitas e pandeiretas se ergueron por riba da chuvia e da treboada para acompañar os nosos bailes na carballeira de A Chan de Vide.



**Biblioteca A2
Escola Unitaria de Vide**

Cadernos de Vide
<http://www.aldeatotal.blogspot.com>

Teléfono: 63 64 82 772
Correo: ceip.vide@edu.xunta.es

BIBLIOTECA A2. Escola Unitaria de Vide



VIDE

FIADAIRO 2011



O fiadeiro

Fiar ou o **fiado** é o proceso de torcer e estirar unha fibra para obter un único fío, longo e resistente. Para o proceso utilízase o **fuso**. O fuso xira, e isto permite a torsión do fío. As fibras que se utilizaban eran a lá e máis o liño. Un gran avance foi a introducción da **roca**, una roda accionada co pé que xira multiplicando a velocidade do fiado.



Fiadeiro era o lugar da casa onde as mulleres fiaban. Ás veces quedábase para fiar e, ao remate da fiada, celebrábase unha festa que se amenizaba con pandeiratas e cantos, e se había gaiteiro, gaita. Xeneralmente facíanse á noite, a xeito dos seráns, e alí acudían os mozos para namorar ás mozas



Roca



Fusos

TARDE DE FIADEIRO EN VIDE

